

Cista e enxoval funerario de Atios (Porriño)

Fernando **Acuña Castroviejo**
Xosé María **Álvarez Blázquez**
Manuel C. **García Martínez**

*Orixinal en castelán: "Cista y ajuar fune-
rario de Atios". Cuadernos de Estudios
Gallegos XXV. 1970, pp. 20-36*

CIRCUNSTANCIAS DO ACHADO

O descubrimento do monumento funerario obxecto da presente nota produciuse como consecuencia dos labores de explanación de terreos e apertura de vías de comunicación na área do Polo de Desenvolvemento Industrial do Porriño. Durante o verán de 1967 traballouse nesa tarefa nos terreos sitos inmediatamente á dereita da estrada e liña férrea, cara ao Porriño-Tui, dentro da parroquia de Atios, onde se inicia a chan de formación aluvial coñecida por As Gándaras de Porriño e As Gándaras de Budiño. Nesta zona existían algúns pequenos outeiros que foron desmontados polas máquinas escavadoras, abríndose ao propio tempo unha nova estrada, paralela á antiga, entre a vía do ferrocarril e o curso do río Louro (*vide. Fig. 1*).

A mediados de setembro concluírase a primeira fase de explanación dun dos citados outeiros, situado no lugar de Tunés, parroquia de Atios, Concello do Porriño. Poucos días despois, don Pelayo Fernández, copropietario dunha industria de cerámica establecida no Cerquido, concesionaria da explotación de arxila e caolíns naquela zona (mina "Julietta"), visitou o lugar da explanación, sorprendéndolle a presenza dunha gran laxa de granito, de forma oblonga, de 2 x 1'60 metros aproximadamente, descuberta pola escavadora, nuns terreos




Fig. 1. Plano do lugar de emprazamento da cista de Atios coas súas características xeolóxicas. (*Mapa Geológico de España*; Folla núm. 261, Tui (Pontevedra) do Instituto Geológico y Minero de España. Madrid 1953).

de formación aluvial onde, lóxicamente, non podía acharse en situación natural e baixo terra unha pedra granítica de tales dimensións. O señor Fernández intuía que se trataría acaso dun enterramento primitivo e, na tarde do venres día 22 de setembro de 1967, procedeu a levantar a lousa, co concurso dunha brigada de obreiros da súa industria, observando que baixo aquela achábase unha caixa rectangular formada por catro grandes lousas de granito, oca ata unha profundidade de 0'60 metros e cuxo fondo estaba constituído por terra vexetal, en contraste co solo natural descuberto pola niveladora, que é de xabre. Procedeu entón a practicar unha pequena escavación, que deu por resultado o achado dun pequeno puñal de cobre e unha peza metálica de forma cilíndrica, que en principio non identificou como áurea, quizais a causa da forte pátina que a recubría.

Inmediatamente o señor Fernández púxose en contacto cun de nós (Álvarez Blázquez), e na tarde do día seguinte, sábado 23, proseguimos a escavación, que deu por resultado o achado das restantes pezas do enxoval funerario da cista, obxecto do presente traballo.

Xa que os labores de explanación haberían de reiniciarse en breve prazo, non quixemos esperar ao luns seguinte para provernos duns criboos con que peneirar as terras e procedemos á escavación aquela mesma tarde, con moito, tirando de cada vez pequenas cantidades de terra e pulverizando esta coas mans, a fin de asegurarnos de que ningún obxecto, por pequeno que fose, escapara á nosa busca. Estamos certos de ter posto nesta tarefa o máximo celo, pese ao rudimentario do método.

A CISTA

O enterramento de Atios consiste nunha cista sensiblemente rectangular, formada por catro grandes laxas de granito e outra máis pequena cerrando a xunta S. O., que non axustaba tan exactamente como as demais. Por riba tiñan estas laxas outra máis voluminosa, que facía de tapadeira. Medía a lousa de cerre –que sufrira varias fracturas polo peso da máquina niveladora- 2 metros de longo por 1'60 m. de ancho, sendo o seu espesor máximo de 25 centímetros. Por conseguinte, o seu peso aproximado sería de 3.000 quilogramos. Os ángulos achábanse redondeados, ofrecendo o conxunto unha forma oblonga. Ao levantala os



Explanación do terreo e aspecto da cista con parte da cuberta caída no seu interior.



Vista da cista unha vez librada da súa cuberta.

obreiros, mediante o uso de pancas, fracturouse en varias partes máis, entre outras causas por ser a pedra de gran moi basto e acharse intensamente humedecida e case en vías de descomposición.

As cinco grandes pedras que compoñían a cista tiveron que ser levadas ata o lugar do enterramento dende as canteiras de granito situadas á esquerda da chan, seguindo o curso do Louro, a unha distancia aproximada, en liña recta, dun quilómetro. Dos outros xacementos graníticos da dereita do río non é probable que procedesen, toda vez que o propio curso fluvial impediría o seu paso. Dado o peso das lousas, en especial da tapadeira, é de supoñer que o transporte se realizara mediante rolos, sistema que, por outra parte, facilitaría a condición chan do terreo.

As dimensións da cista son 1'59 m. de lonxitude máxima por 1'30 m. de anchura na súa parte maior. O espesor das laxes oscila entre os 9 e os 20 centímetros. A altura da sepultura contando desde a base, constituída por xabre, ata a laxa de cerre é de 0'90 metros. No ángulo N. E. do enterramento achábase fincada unha pedra de cuarzo (*vide foto*) en forma de ril, de 0'28 m. de altura, 0'19 m. de ancho máximo e 0'80 m. de groso, sendo o seu peso de 5'75 quilogramos. Cando se realizou o seu achado dita pedra non aparecía apoiada en ningunha das laxes e atopábase enterrada 0'12 m. da súa lonxitude total no solo primitivo.

Ata uns 30 centímetros desde o piso natural o enterramento estaba cheo de terra húmica, non atopándose restos de pedras nin de area.

Esta terra, moi negra e con vestixios de finas raíces máis ou menos descompostas, iría penetrando no interior da cista ao longo do tempo arrastrada polas augas pluviais, a través das rañuras. Isto fainos supor que o cadáver foi sepultado exento, directamente sobre o piso de xabre, sen recubrimento algún de terras.

A cista achábase perfectamente orientada, co lado máis estreito, onde supomos situada a cabeza do cadáver, mirando ao Nacente. Polo tanto o corpo sinalaría a dirección E. a O., cos pés cara este último punto. Dado, non obstante, que, conforme indicamos máis adiante, o corpo se atoparía nunha certa posición diagonal, cabe postular a posibilidade de que tal postura obedecese ao desexo de adaptar a orientación do cadáver á declinación solar da época anual en que se practicou o enterramento, corrixindo nun pequeno ángulo a orientación da cista. Esta circunstancia (de estar nós no certo) permitiría afirmar que o enterro tivo lugar a finais do outono ou principios do inverno e revelaría que a orientación do cadáver non é casual, senón que obedecería a razóns de carácter ritual (vide Fig. 2).

ANTECEDENTES

Rexistraremos, como antecedente máis próximo ao do noso achado, a nova, repetidamente aducida, do descubrimento dunha mámoa nas *Gándaras de Budiño* a finais do século pasado, da que Cuevillas e Bouza Brey nos informan escuetamente:

“Gándaras de Budiño. Porriño Pontevedra.-N-unha mámoa, cuxas características ñoramos, apareceu un machado de pedra e catro testos pequenos de un vaso campaniforme. Está iste espolio no Museu de Ourense (Esprorazón Xesús Palacios)”¹.

Filgueira Valverde e García Alén, ao comentar esta nova, observan:

“É interesante o número de túmulos prehistóricos ou mámoas que se ven espaxados polas Gándaras”²,

(1) LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., *Os estrimnios, os Saefes e a ofiolatría en Galiza*, Arquivos do Seminario de Estudos Galegos, II, Santiago, 1929, pág. 39.

(2) *La carta arqueológica de la provincia de Pontevedra*, El Museo de Pontevedra, VIII, Pontevedra, 1952-56.




Fig. 2. Planta da cista con indicación da situación da pedra de cuarzo e do enxoval

Afirmación que, certamente, non puidemos comprobar nas nosas repetidas visitas ao terreo.

Respecto á existencia de mámoas nas Gándaras, debemos aclarar que non nos foi posible saber se a cista de *Atios* se achaba ou non baixo algún amontoamento de terras e pedra miúda, como sucedía coas de Vilacampa, Recaré e Pedra da Xesta³, xa que o seu descubrimento debeuse, precisamente, ao desmonte das terras que a cubrían, e cando coñecemos a súa existencia achábanse ditos terreos achanzados total-

(3) LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F.: *Op. cit.* páx. 35

mente. Pero importa facer notar que o movemento de terras, ata acadar a escavadora o nivel da cista, foi intenso, o que supón que aquela se atopaba profundamente enterrada dentro do solo natural, calculamos que a uns catro ou cinco metros do que sería o punto máis alto do outeiro, en cuxo centro se achaba a cista. É dicir, o enterramento acharíase ao fondo dunha especie de pozo de certa profundidade.

En relación coa existencia do campaniforme naquela comarca, rexistramos o dato de ternos proporcionado don Pelayo Fernández un pequeno fragmento de cerámica achado nas Gándaras, que pertence ao borde dunha cunca de tipo campaniforme. E, en fin, temos que rexistrar o feito de que entre as terras revolvidas pola máquina niveladora vimos varios fragmentos doutras lousas graníticas, non procedentes da nosa cista, que acaso pertencesen a unha ou máis sepulturas semellantes, arrasadas pola referida máquina.

A riqueza arqueolóxica das Gándaras de Porriño e Budiño acusouse recentemente, co descubrimento dunha importantísima estación paleolítica, única en Galicia, da que foron novas ao redor de dous centenaes de útiles achados entre os anos 1960-61 por un de nós (Álvarez Blázquez), quen puxo o feito en coñecemento do ilustre paleontólogo P. Emiliano Aguirre, S. J. Este, durante o verán de 1963, levou a cabo a exploración e estudo sistemático dunha determinada área da estación⁴, hoxe, por desgraza, en vías de quedar sepultada baixo as instalacións industriais que alí se levantan, sen que, cando menos, se acoute algunha parcela do terreo tan fecundo en achados e se estableza nela un pequeno museo *in situ*, como o P. Aguirre e nós mesmos temos propugnado. Sirva esta digresión para consignar que, entre o abundante material paleolítico achado nas Gándaras, figuran varias bigornias e grandes núcleos de cuarzo, aportados sen dúbida desde as marxes do Miño polo home paleolítico, xa que este material non existe na zona. Non sería estraño, pois, que a pedra de cuarzo que se achou fincada dentro da cista procedese dalgún daqueles obradoiros paleolíticos, e fora descuberta en situación epixea polo home do Bronce, xa que tamén nós atopamos agora moitos útiles tallados sobre a superficie do terreo.

(4) AGUIRRE, E., *Las Gándaras de Budiño, Porriño (Pontevedra)*. Excavaciones Arqueológicas en España, núm. 31, Madrid, 1964.

DESCRICIÓN DO ENXOVAL

O enxoval depositado na sepultura atopouse na metade diagonal esquerda da mesma, preto da pedra de cuarzo da xunta N. L. redúcese a dous puñais de cobre de diferentes dimensións, dúas pezas de ouro e unha espira de metal nobre (prata ou platino), máis pequenos fragmentos doutra espira semellante, que se descompuxeron ao ser tocados reducíndose a po. Describimos seguidamente estes obxectos.

Armas

O primeiro dos puñais atopados (22-IX-1967) é de cobre. A súa lonxitude é de 14'7 centímetros e a súa máxima anchura de 3'7 centímetros. A sección acúsase como lixeiramente romboidal. Os fíos comezan a partir do centro do puñal, rebaixados mediante labor de martelado. Ostenta un espigo para recibir o mango, estreitado tamén mediante martelado, e mostra un ancheamento pequeno no remate, que acada un centímetro de anchura.

O segundo dos puñais atopados (23-IX-1967) é de cobre como o anterior e dunha lonxitude de 31 centímetros, tendo 6'5 centímetros de anchura máxima e 0'7 centímetros de espesor, oscilando o ancho do espigo entre 1'4 e 2'5 centímetros. O fío por ámbalas dúas partes comeza a partir dos seis milímetros do bordo na anchura máxima do puñal, deixando entre ámbalas dúas unha franxa plana que constitúe o centro da arma. O labor de estreitamento do espigo, así como a formación dos fíos, conseguíuse pola acción do martelado. Tanto o espigo como a punta do puñal presentan no seu remate cadansúas fracturas antigas.

Obxectos de adorno

As dúas pezas de ouro consisten en dous cilindros de finísima prancha con decoración ondulada en entrantes, e saíntes horizontais, ámbolos dous de dous centímetros de altura, sendo o seu diámetro de 2'9 centímetros nun deles e de 2'3 noutro. As pezas desenvolvidas miden oito centímetros de lonxitude cada unha delas, e o grosor das pranchas é de 0'5 milímetros. O peso de cada peza é de 7 gramos. En ámbalas dúas, os bordes están remachados cara dentro e a unión para conseguir a fixación do cilindro lógrase por medio de catro orificios realizados de dentro a fóra, que se sobrepoñen. Este sistema propor-



Lámina II. a). Enxoval atopado o día 23-IX-67



Lámina II. b). Vista das cinco pezas do enxoval funerario

cionaría unha gran facilidade de abertura, acaso por medio de arames ou fíos. A separación existente desde os orificios ata o borde no primeiro dos cilindros é de tres milímetros e a distancia entre eles, 1'5 centímetros. No segundo, a separación dos orificios aos bordes acada catro milímetros e a separación entre eles é de 1'4 centímetros. No seu estado actual, o diámetro de ambas xoias varía un pouco: 2'3 centímetros unha delas e 2'9 na outra, pese a ter a mesma lonxitude a lámina no seu desenvolvemento, xa que as extremidades de ámbalas dúas se superpoñen máis ou menos, sen chegar a coincidir en ningún caso os orificios respectivos. Non é posible saber si esta é a posición orixinal ou se os cilindros sufriron algunha distensión unha vez perdidos os arames do peche.

O último obxecto do enxoval consiste nun arame espiraliforme de sección romboidal, cuxas dimensións de conxunto na súa aparente figura cilíndrica, son 1'5 centímetros de altura por 2'1 de diámetro. Hai que facer a advertencia de que quizais sufrira algunha rotura ao longo do tempo, pois así parece indicalo a súa forma actual, que ofrece partido, sen remate algún, o extremo máis grosa. No comezo da espira a anchura do arame non chega a medir un milímetro, ofrecendo en realidade a forma dunha punta de agulla, ensanchándose a medida que se van enrolando (dous milímetros de anchura máxima) ata rematar no outro extremo, que aparece truncado, cun grosor semellante ao dos aneis centrais. Posiblemente, na parte fracturada da espira encaixaría unha cabeza de ofidio, como digno remate da xoia, representando a extremidade oposta, sensiblemente aguzada, a cola de dito animal.

As espiras áchanse moi próximas entre si, o que a simple vista ofrece o aspecto dunha superficie continua, aínda que ondulada, en certo modo semellante á das pezas áureas *gallonadas*. Tamén, como se ve, o seu diámetro é aproximado ao daquelas, en especial a que hoxe aparece máis pechada.

As cinco pezas que indicamos áchanse actualmente no Museo Municipal de Vigo, ao que foron doadas a instancias nosas por don Pelayo Fernández e os seus consocios na industria cerámica, dona Mercedes Dávila viúva de Casal Aboy e don Marcial Peralba, quen participaron con aquel da satisfacción do achado e colaboraron en poñelo no noso coñecemento, para a súa catalogación e estudo.

ANÁLISE DAS PEZAS

No Laboratorio de Química Inorgánica da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago, e por mediación da doutora dona María Isabel Bernárdez, do Departamento de Microbiloxía e Parasitoxía da mesma Facultade, levouse a cabo a análise cualitativa das pezas da cista. Dita análise deu os seguintes resultados:

Armas:

Sométense a un ataque con ácido nítrico e a súa reacción con ioduro potásico e con amoníaco da positivo. Metal: cobre.

Cingudeiros de ouro:

Ataque con «água regia» e extracción cun disolvente, practicouse a reacción de formación da “púrpura de Casius” con Cl_2Sn , producíndose un intenso púrpura violeta de ouro coloidal. Reacción positiva en ambas mostras. Gran pureza.

Espira:

Analizada co mesmo procedemento que as pezas anteriores, deu o seguinte resultado: Metal nobre (prata ou platino) ou unha aliaxe de silicatos cun metal.

(5) LÓPEZ CUEVILLAS, F., “Caracteres de la cultura megalítica del N.O.”, III Congreso Nacional de Arqueología, Galicia, 1953, páx. 262.

PARALELOS E CONSIDERACIÓNS

Pouco era ata o ano 1965 o material dispoñible en Galicia acerca de enterramentos desta índole. Unicamente e como dato un tanto impreciso, tiñamos as referencias da cista de Brigueiros⁵, sen localización exacta, e sen máis indicacións de que dela proviña una placa de pedra puída das denominadas “brazais” de arqueiro. A partir do ano indicado saíron á luz no lugar de Pedra Figueira, veciño a Carnota, na provincia da Coruña, casualmente, tres cistas rectangulares, unha delas destruída a excepción dunha laxa lateral, e as outras completas. Nunha destas, única provista de enxoval, exhumouse un puñal de cobre, de características semellantes ao maior enxoval agora estudado, e con catro perforacións nos extremos. As cistas atopábanse aliñadas en dirección N. e a poucos metros de separación entre elas. A máis completa, semellante á que nos ocupa, aínda que con menores medidas, pois a súa lonxitude é de 1'24 metros por 0'90 m. de altura, acadando a lousa de cobertura os 1'36 m. A outra goza dunhas dimensións lixeiramente superiores. O piso nas tres era de terra⁶. Como se ve, a identidade entre as cistas de Pedra Figueira e Atios é grande, ben en canto á morfoloxía do enterramento, como ao tipo de enxoval nelas atopado, como así o demostran ámbolos dous puñais de cobre con espigo e desprovistos de nervaduras.

No resto de Galicia escasean os paralelos; unicamente como datos illados e desprovistos dun contexto que implique maiores achegamentos, temos o puñal de cobre con espigo, falto da punta por fractura, de 155 milímetros de Monte das Cabras; o exemplar da Bastida, de tipoloxía idéntica (155 mm); e probablemente un dos puñais do “acubillo” de Roufeiro, no Concello de Sarreaus en Ourense⁷, tamén de cobre e acompañado de puntas de frecha e machadas. Respecto á mesma clase de enterramento, son tamén escasos na área galega cistas desta lonxitude; ademais das indicadas en Carnota, e probablemente en Brigueiros, soamente podemos adu-

(6) Véxase a nova de J.M^a. Luengo no *Noticario Arqueológico Hispánico*, VIII-IX, Madrid, 1966, páx. 347.

(7) LÓPEZ CUEVILLAS, F.: BCMO, t. IV, núm. 78 1911, páx. 32.

cir a de Cortegada do Miño, denominada popularmente “A tumba do xeneral carlista”⁸ e quizais as cámaras rectangulares de Arcas de Sinás, Vilacampa e Arca de Padorno en Recaré⁹.

No veciño Portugal son máis os paralelos que podemos establecer. Enterramento e enxoval semellantes están representados na cista de Agua Branca, Lovelhe, Minho, formada por seis pedras e cuxo enxoval está integrado por un diadema áureo de 602 milímetros, con buracos nos remates e con adornos en liñas puntilladas e unha orla de dentes de serra; dous aneis pechados, lisos, de ouro, de 22 e 21 milímetros de diámetro; outros dous espiraliformes, tamén en ouro, de tres voltas e diámetro case o mesmo que os aros; e un puñal de cobre, 350 milímetros, con espigo e rebaixas laterais¹⁰. Enterramento igual debeu ser o de São Bento de Balugães, Braga, Minho, acompañado dun diadema áureo e catro puntas de frecha tipo Palmela¹¹.

Armas coincidentes, aínda que atopadas illadas, sinalaremos; o puñal de Quinta da Romeira, con 312 milímetros, con espigo e sen nervaduras, mais con unhas finas liñas que forman rebaixas laterais¹². Outros exemplares semellantes son os de Castro Laboreiro, Vilanova de Cerveira e Melos¹³ (vide Fig. 3).

En Paredilla, León, dunha sepultura sen identificar provén un puñal de cobre, con espigo, de 190 milímetros e rebaixas marxinais, acompañado de brazaletes, hoxe perdidos¹⁴.

En canto ao contexto europeo posuímos tamén amplas semellanzas no sur de Inglaterra, non só no que atinxe aos puñais e obxectos de adorno, senón tamén en canto aos “brazais” de arqueiro, que como vimos se mostran nas cistas de Pedra Figueira e Brigueiro.

(8) Informe amablemente facilitado polo Dr. F. Bouza Brey.

(9) LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., “La civilización neoeolítica gallega”, *Archivo Español de Arte y Arqueología*, núm. 19, Madrid, 1931.

(10) FORTES, J., “A sepultura da Quinta da Agua Branca (idade do cobre)”, *Portugalia*, II, 1905-1908, páx. 241 e ss.

(11) ESTACIO DA VEIGA, *Antiguidades monumentales do Algarve*.

(12) JALHAY, E., “A adaga da Quinta da Romeira”, *Broteria*, vol. XIX, fasc. 1, julho de 1934.

(13) DO PAÇO, A e FERREIRA, E., “Espada de cobre da Pinhal dos Melos”, Sep. da *Associação Portuguesa para o Progreso das Ciências*, Coimbra, 1937.


(14) LUENGO MARTÍNEZ, J. M^a, “El período eneolítico y la edad del bronce en la provincia de León”, *Atlantis Corona de Estudios*, 1941, páx. 127.



Fig. 3. Localización dos achados de idéntica tipoloxía na zona atlántica


Na cronoloxía inglesa corresponden ao Bronce inicial, o período III de Childe, con enterramentos de inhumación en *low barrows*, con cerámica campaniforme (*beakers* B), puñais en cobre, con espigo e rebaixas marxinais, do tipo denominado West European (como os de Roundway, con 254 milímetros, Faversham con 235 milímetros, Normanton, etc.); brazais, discos de ouro, brincos, aros de ouro, etc.¹⁵

(15) ASHBEE, P., *The Bronze Age Round barrows in Britain*. London. 1960, páx. 136, e tamén O'RIORDAIN, S.P., *The Halberd in Bronze Age Europe*. Oxford, 1937, páx. 274 e ss.



Tipos representativos de puñais no ámbito europeo (1/2):

1. Roundway; 2. Cabut; 3. Quinta da Romeira; 4. Agua Branca; 5. Atios.



Puñais curtos do tipo Atlántico (1/2):

1. Winterslow; 2. Dorchester; 3. N.E. Scotland; 4. Mere; 5. Atios

En Francia, armas semellantes apareceron no dolmen de Cabut, Gironde, con espigo lixeiramente ensanchado no remate –como no puñal máis pequeno deste xacemento- e desprovisto de nervaduras; ou o de Grotte Bounias, Bouches-du-Rhône, tamén semellante ao máis curto de Atios; e obxectos de adorno en espiral, xeralmente brazaletes, como en Le Pouget, dunha cámara megalítica rectangular simple; ou no dolmen de Couriac, Aveyron; Kerclément, Beltz, Bretaña; Carnöet, Côtes du Nord; Singlezrac, Dordogne; etcétera¹⁶. Sendo as zonas de aparición destes obxectos coincidente coa zona de expansión da cerámica campaniforme¹⁷.

A ampla difusión en toda Europa dos adornos en espiral, con probable orixe no Mediterráneo oriental, seguindo a vía do Danubio (Hissarlik, Micenas, Beocia, Silesia, Prusia occidental, etcétera) persiste nos sucesivos períodos do Bronce nórdico, Bygholm, Jutlandia, como motivo típico ata a irrupción do Hallstatt, acompañados de brincos de orella en ouro inspirados nos cilindros brincos de Anatolia e Exipto, de ampla difusión en Inglaterra e Francia e quizais chegados por vía atlántica desde o Mediterráneo. Xa en Villena aparecen as espiras e aneis *gallonados*, aínda que nun contexto algo posterior¹⁸.

En Galicia obxectos semellantes e pertencentes ao mesmo contexto cultural faltan en absoluto. Imitantes son as pezas rotas da colección Blanco Cicerón, en ouro, procedentes da provincia de Lugo¹⁹, e máis concretamente as pezas espirais, en bronce con baño de ouro, do tesouro de Regodeigón²⁰ que si ben proveñen dun contexto arqueolóxico romanizado, a súa filiación loxicamente é anterior. Os diámetros das dúas pezas de Regodeigón son semellantes aos obtidos en Atios.

(16) DECHELETTE, J., *Manuel d'Archéologie préhistorique, celtique et gallo-romaine*. T. II, Paris, 1924.

(17) DANIEL, G.: *Prehistoric chamber tombs of France*, Thames and Hudson, London, 1960, páx. 201.

(18) SOLER GARCÍA, J. M., “El oro de los tesoros de Villena”, *Servicio de Investigación Prehistórica de la Diputación Provincial de Valencia*, núm. 36, Valencia, 1969.

(19) VILLAAMIL Y CASTRO, J., “Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos”, *Boletín de la Comisión . de Monumentos de Orense*, T. III, páx. 81 e ss.

(20) LORENZO FERNÁNDEZ, J. E GARCÍA ÁLVAREZ, M. R., “As xoias de Regodeigón”, *Revista de Guimarães*, Vol. LXVI, 1956.

Respecto ás dúas pezas áureas, constitúen algo singular na ourivería prehistórica galega. O motivo decorativo *gallonado* é corrente noutras pezas de adorno, brazaletes, do Bronce (Arnozela, Urdiñeira, etc.), continuando no posthallstático (Moimenta, Lebuçáo) e que segundo Cuevillas é de orixe totalmente autóctona²¹, sendo probable que o tal motivo arranque do Bronce.²²

A fixación do horizonte cultural que enmarca este enterramento ofrece algunhas dificultades. Os enxovais, en liñas xerais (Atios, Pedra Figueira, Brigueiro), están constituídos por puñais de cobre con espigo e rebaixas marxinais, xoias, “brazais” de arqueiro, pero con ausencia total de cerámica, extremo que non sucede en Inglaterra, onde, como vimos, enxovais semellantes soen ir acompañados por cerámica campaniforme, e, en liñas xerais, sucede outro tanto en Francia. Os “brazais” de arqueiro son o acompañante continuo dos campaniformes, mais estes non aparecen nos xacementos coñecidos desta cerámica en Galicia, véndose acompañada por puntas de frecha tipo Palmela e puñaliños de cobre de base ancha, en enterramentos baixo túmulos pequenos e simples (que arrancan de momentos anteriores, como así parecen demostralo os enxovais de Monte Albán, con machadas triangulares de pedra, puntas de frechas de base triangular e cerámica lisa do tipo que acompaña aos megálitos galegos)²³, o cal nos induce a considerar aos enterramentos en cistas deste xénero cos enxovais mencionados como posteriores á chegada dos campaniformes metalúrxicos a Galicia, o que, unido á ausencia de cerámica e a coincidencia de puñais do tipo West Europea, inclínannos a datar estes enterramentos nun horizonte do Bronce II, cando na Península o principal foco de irradiación cultural é El Argar, de escaso influxo no N.W., quizais pola súa especialización urbana, pois nin a súa cerámica nos é coñecida, nin os obxectos típicos argáricos abundan, reducíndose aqueles a algunhas armas atopadas en achados soltos e illados, producindo esta escaseza de influxos a supervivencia de tipos do Bronce I: armas, xoias, brazais,

(21) LÓPEZ CUEVILLAS, F., *Las joyas castreñas*. Madrid, 1951, páx. 100.

(22) MONTEAGUDO GARCÍA, L., “Metalurgia hispana de la Edad del Bronce, con especial estudio de Galicia y Portugal”, *Separata de Publicación del Seminario de Arueología. y Num. Aragonesa*, 4, Zaragoza, 1954, páx. 65

(23) LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., *Op. cit.*

e sen cerámica (o campaniforme galego aparece pobre e escaso, con poucas posibilidades de supervivencia), con dependencias culturais do occidente europeo a través da ruta atlántico costeira, especialmente sentidas nos puñais, machadas do tipo Barcelos, lúnulas, discos solares e incluso diademas como os de São Bento de Balugães e colares e xarreteiras como as da Agolada, instante que, sinala Mac White²⁴, pode moi ben denominarse Bronce protoatlántico.

Vexamos agora cal sería o probable uso das pezas de adorno. Non cremos que o seu emprego sexa o de aneis, pois o seu diámetro parece excesivamente amplo, e a súa lonxitude non permitiría o xogo das falanxes. Máis ben inclinámonos a consideralas como obxectos destinados á suxeición do pelo, como unha especie de “cinguideos de cabelo”, tal como se conxecturou nas espirais de Regodeigón²⁵, pero considerados como utensilios de adorno masculinos.

Os cilindros áureos, que, como dixemos, son singulares na nosa ourivería prehistórica, irían provistos, ao noso entender, duns finos arames ou cordonciños que posibilitarían a maior ou menor flexibilidade desexada (así o parecen indicar algunhas pequenas arestas que se observan nas superficies de ámbalas dúas pezas, debidas sen dúbida ao xogo de apertura e peche dos cilindros para a súa colocación na trenza), mentres que atados impedirían que espiasen as pezas, cousa que sucedería se estas fosen ríxidas ao estar provistas de remaches fixos.

A mesma finalidade debían ter os arames espiraliformes, de fácil colocación entre o cabelo polo movemento xiratorio que imprime á punta máis fina da espira a penetración e fixación no pelo. Semellante función sinalase para pezas da mesma clase, pero en bronce, en Francia.

O emprego destes aditamentos polos guerreiros, formando, ou mellor recollendo o pelo nunha pequena trenza, persiste ata épocas posteriores, se ben en pezas espiraliformes exclusivamente, como son, xa nun medio posthallstático, os cachos de espirais en ouro da colección Blanco Cicerón, a espiral do castro de *Cameixa*, ou as xemelgas de Regodeigón.

(24) MAC WHITE, E., *Estudios sobre las relaciones de la Península hispánica en la Edad del Bronce*, Madrid, 1951, páx. 89.

(25) LORENZO FERNÁNDEZ e GARCÍA ÁLVAREZ, *Op. cit.*, páx. 6.

Queda por ver en último lugar a finalidade da pedra de cuarzo colocada semienterrada no ángulo N. E. da sepultura, lugar que ocuparía a cabeceira do enterramento. O feito de que tal clase de rocha non existe no lugar, polo tanto trasladada probablemente desde as marxes do río Miño, indúcenos a ver nela un expoñente relixioso do ritual de enterramento, á vez que non descartamos unha finalidade funcional, ben de respaldo ao cadáver ou de cabeceira do mesmo. A existencia de pequenas pedras de cuarzo, cristalizado ou non, comprobámola en diversos enterramentos megalíticos do N. W., espaxeadas polo piso da cámara, mais aquí o seu tamaño pode indicar unha finalidade decorativo-relixiosa, por suposto distinta, en parte, á finalidade da pedra fincada da cista de *Atios*, a cal parece indicar que o cadáver foi colocado en sentido diagonal ao eixo maior da cista, cos pés no ángulo S.O., quizais co fin de orientalo á posta do sol naquela época do ano.

CONCLUSIÓNS

Como conclusións temos de establecer as seguintes:

- 1ª A cista de *Atios* (*Porriño*) constitúe ata agora o primeiro monumento do seu tipo en Galicia que foi achado intacto e explorado sistematicamente.
- 2ª A súa datación debe corresponder ao Bronce II ou protoatlántico.
- 3ª Rexístrase a existencia dun novo tipo de xoia áurea prehistórica, descoñecido ata agora, cal é o dos cingudeiros do cabelo, cuxa descrición temos dado.
- 4ª O outro cingudeiro espiraliforme de posible significación ofiolátrica é así mesmo digno de considerar como peza orixinal dentro das do seu tipo.

Santiago, outubro de 1969.